



**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**Proposta de adxudicación da contratación administrativa para a subministración e actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio da Administración do Parlamento de Galicia**

Con data 3 de maio de 2016, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración e actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 131.572,23 €.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 642\_3, do 11 de maio de 2016.

O anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 107, do 7 de xuño de 2016.

Rematado o prazo para presentación de proposicións presentou oferta a seguinte empresa:

- Seidor, S.A.: número rexistro 5166 e 51710.

O 30 de xuño de 2016 constituíuse a Mesa de contratación e procedeu ao estudo da documentación contida no sobre A presentado pola empresa concorrente, resultando que debía ser admitida.

O 5 de xullo de 2016 reuniuse en sesión pública a Mesa de contratación e procedeuse á apertura e exame da documentación incluída no sobre “B” coa documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas.

Logo da realización dos trámites legais e regulamentarios procedentes a Mesa de Contratación acordou requirirle á empresa Seidor, S.A., a presentación da documentación do apartado 6 da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso á adxudicación do contrato.

Dito Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido pola empresa o 13 de xullo de 2016.

Con data 26 de xullo de 2016 a empresa Seidor, s.a. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 52162), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o aval número 9340.03.1911958-57 da entidade Caixabank, s.a. por importe de 6.444,60 euros, e o pagamento do anuncio de licitación.



**PARLAMENTO  
DE GALICIA**


SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato administrativo para a subministración e actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio da Administración do Parlamento de Galicia, á empresa **Seidor, s.a.** polos seguintes importes:

- Prezo: ..... 128.892,00 €.
- 21% IVE: ..... 27.067,32 €.
- Total: ..... 155.959,32€.


Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2016.

O xefe do servizo



PARLAMENTO  
DE GALICIA  
SERVIZO DE PERSOAL  
E RÉXIME INTERIOR

F. Javier Freire González



Vº e prace  
O Letrado Oficial Maior

Xosé Antón Sarmiento Méndez